

Nº de expediente: SA301A 2023/11-1

Asunto: Resolución relativa ao recoñecemento do interese sanitario para actos científicos.

ANTECEDENTES

1.- En data 17/04/2023 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia (REXEL núm. 2023/1166465) a solicitude presentada por Compostela Congressos SL en nome e representación da Sociedad de Pediatría de Galicia, NIF G15132525, na que se solicita o recoñecemento de interese sanitario para o Acto: “73 Congreso da Sociedad de Pediatría de Galicia”.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- A Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade da Coruña é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta, de conformidade co disposto no artigo 7 da Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario (DOG núm. 6 do 10 de xaneiro de 2017) e no artigo 18 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade (DOG núm. 208 do 31 de outubro de 2019).

2.- De acordo co disposto no artigo 1.a) da Resolución do 16 de febreiro de 2017 (DOG núm. 45 do 6 de marzo), delégase no xefe/a do Servizo de Xestión, entre outras funcións, a de resolver, conceder ou denegar o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

3.- Examinada a documentación do expediente, tendo en conta o informe-proposta do Servizo de Xestión, o acto referido reúne os requisitos establecidos na Orde do 27 de decembro de 2016, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico.

Visto o exposto e demais normativa de xeral aplicación,

RESOLVO:

1º.- Outorgar o recoñecemento de interese sanitario ao Acto: “73 Congreso da Sociedad de Pediatría de Galicia”, organizado pola Sociedad de Pediatría de Galicia, que se vai celebrar en Ferrol, os días 10 e 11 de novembro de 2023, tendo a entidade organizadora o enderezo social en Santiago de Compostela.

2º.- Ordenar a súa inclusión no rexistro de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas do Servizo de Xestión.

O dito recoñecemento, conforme ao artigo 9 da Orde citada, implica a obriga para os organizadores ou, en todo caso, os órganos de dirección da entidade organizadora do acto, de remitir a esta xefatura territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.

Contra esta resolución poderá interpoñer *recurso de alzada* ante o Sr. Conselleiro de Sanidade no prazo de *1 mes*, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de acordo co estipulado nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2 outubro)

Para os efectos legais procedentes, asino esta resolución que deberá notificarse ás persoas interesadas segundo o esixido no art. 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A Coruña, a xefa territorial,

P.D. Xefa do Servizo de Xestión (art.1.a da Resolución do 16/02/2017)

Marta Gil Pérez